

NOTA DE PRENSA (3/8/2019)



A VIII edición do Festival 27373 de música en Galego de Begonte, reúne nun mesmo día, un festival para nenos e nenas durante a mañá e a tarde e concertos para os mozos e mozas pola noite

A Asociación Cultural Castiñeiro Milenario de Begonte vai organizar a **Oitava edición do Festival 27373** que terá lugar o sábado 10 de agosto no **Club Fluvial de Begonte** que presta as súas instalacións para a celebración deste festival.

O Festival 27373 caracterízase por ser o único festival do Concello de Begonte, un dos poucos festivais cunha programación íntegra en Galego, que apoia a grupos emerxentes e que nos últimos anos conta, polo menos, cun grupo integrado maioritariamente por mulleres. Unha aposta pola lingua e pola visibilización da muller nos escenarios.

O Festival está dividido en dúas partes. Polo día, a programación vai dirixida aos máis pequen@s e ás familias. A partires das 13:00 comezamos coas **actividades deportivas** que estarán a cargo da empresa de Begonte, **Non Estreses**, que vai ofrecer paseos en canoa pola marabillosa contorna do río Ladra, esta actividade prolongarase ata ben entrada a tarde.

A partires desa mesma hora, a **Asociación Cultural Bolboreta Fiandeira** comezará a demostración de fiado de lá e liño. Ás 14 horas comezará unha atractiva sesión vermú co grupo de música tradicional **A Fonte de Merlán**, gracias ao programa Musiqueando pola Provincia de Lugo da Área de Cultura da Deputación de Lugo. Coñecida é a aposta da asociación pola cervexa artesá e durante a sesión vermú poderemos gozar da cervexa **oficial do festival**, a 27373, e ademais da presentación dunha cervexa exclusiva para este día, da que só se fixeron 40 litros e que se poderá gozar unicamente durante esta xornada. A “**Castiñeiripa**” é unha cervexa amarga de gradación baixa elaborada con catro maltes, dous lúpulos e lima ecolóxica da Mariña lucense. Ámbalas dúas cervexas son unha colaboración con Alberto Curiel responsable de **cervexas Aloumiña**. Xa pola tarde, ademais dos paseos en canoa e as demostracións de fiado, a partir das catro, comezará o agardado **VIII Aberto de Billarda**, grazas á colaboración da Asociación O Varal. Ás cinco e media teremos o I Campionato de serrador@s da Terra Cha.

Agardemos que sexa un bo día para pasar ao carón do río, xantando e compartindo sobremesa nunha zona que conta con tódolos servizos, nun entorno de ribeira perfectamente acondicionado e coidado, onde se pode gozar dun baño, xantar nalgunha das mesas ou mesmo no campo e pasear á beira do río ao tempo que participamos nas distintas actividades.

Pola tarde, a partir das sete, abrirán o festival o grupo de teatro **Trécola**, desde Pol arribará ao escenario begontino a obra "**Tolitates**", unha representación de monicreques dirixida ao público infantil e familiar que chega ao festival grazas á colaboración do Concello de Begonte. Despois subirán ao escenario, desde a Mos, o grupo de música tradicional, **Lagharteiras**, mozas pandeireteiras, gañadoras de multitude de concursos e cunha traxectoria ben recoñecida e que este ano son a representación feminina do festival. Logo das cantareiras, subirá ao escenario, chegados da parroquia veciña de Saavedra, **Filophóbcas**, grupo de punk rock con letras comprometidas e melodías potentes. Para rematar, **O Puto Coro do Exército Froilanista**, grupo de letras con retranca, ácidas e politicamente incorrectas para rematar este oitava edición .

Queremos agradecer a axuda económica da **Deputación de Lugo** e do **Concello de Begonte**. Ao **Club Fluvial de Begonte** por prestar as súas maravillosas instalacións. Ás empresas e organizacións colaboradoras, **Non Estreses**, **Cervexa Artesá Aloumiña**, **Castro & Castro**. Tamén a todas aquelas asociacións culturais, artesáns, e, por suposto, agradecer a presenza de todas as persoas que se acheguen ata Begonte a pasar un día cheo de actividades culturais nun entorno incomparable.

Adxunto vai o cartel, de novo ideado polo deseñador gráfico de Begonte, **Marcos Vigo** ao que queremos agradecer a súa colaboración.

Máis información da Asociación en <http://castinheiromilenario.wordpress.com/>.
Toda a información sobre o **Festival 27373** en <http://festival27373.wordpress.com>

Asociación Cultural Castiñeiro Milenario